

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E SERVIZOS PARA A ADQUISICIÓN DE MEDIOS MATERIAIS PARA A RECOLLIDA SEPARADA DOS BIORESIDUOS E A REALIZACIÓN DAS CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN ASOCIADAS AOS MESMOS, PARA O CONCELLO DE TEO, RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL. SB-3/2024. FINANCIADO CON FONDOS NEXT GENERATION EU. (2024/C005/000003)

EXPEDIENTE: 2024/G003/001383

Visto o financiamento da actuación a través de subvención da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, (código de procedemento MT975P), convocada ao abeiro da Orde de 1 de xuño de 2023 (DOG nº 112 do 14 de xuño de 2023).

Vistos os PPT redactados para CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E SERVIZOS PARA A ADQUISICIÓN DE MEDIOS MATERIAIS PARA A RECOLLIDA SEPARADA DOS BIORESIDUOS E A REALIZACIÓN DAS CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN ASOCIADAS AOS MESMOS, PARA O CONCELLO DE TEO, RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL. SB-3/2024, financiado con FONDOS NEXT GENERATION EU.

Vista a Resolución da Alcaldía de 20 de setembro de 2024 (Res 1186/2024), pola que se acorda aprobar o expediente de contratación (Núm. SB-3/2024), aprobar o prego, aprobar o gasto e proceder á apertura do procedemento de adxudicación publicando o anuncio de licitación correspondente.

Considerando que, tal e como consta no expediente, publicado o anuncio na Plataforma de contratos do sector público en data 20 de setembro de 2024, presentouse á licitación a seguinte empresa:

COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.

Considerando que a mesa de contratación, na sesión celebrada o 18 de outubro de 2024, procede ó “acto de apertura oferta criterios cuantificables automáticamente” e “acto de valoración oferta criterios cuantificables económicamente” .

Considerando que a mesa de contratación acorda admitir á licitación á empresa presentada.

Considerando que na mesma sesión, a mesa de contratación, efectúa a avaliación e clasificación do licitador admitido que abaixo se transcribe:

LICITADOR	IMPORTE OFERTADO	PUNTOS
	SEN IVE	
COGAMI RECICLADO DE GALICIA, S.L.	56.364,00	100

Na mesma sesión do 18 de outubro acórdase formular proposta de adxudicación do CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E SERVIZOS PARA A ADQUISICIÓN DE MEDIOS MATERIAIS PARA A RECOLLIDA SEPARADA DOS BIORESIDUOS E A REALIZACIÓN DAS CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN ASOCIADAS AOS MESMOS, PARA O CONCELLO DE TEO, RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL., SB-3/2024, á empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA S.L., con CIF. – B15467962 e enderezo en República Checa (PE Costa Vella) nº 17, cp 15707, Santiago de Compostela, ao tratarse da empresa licitadora non excluída que obtivo maior puntuación no procedemento e cuxa oferta é a seguinte:

Oferta económica: 56.364,00 €+11.836,44 € IVE=68.200,44 €

Visto o informe de intervención de data 21 de outubro de 2024.

Vista a documentación aportada polo licitador COGAMI RECICLADO DE GALICIA S.L., con CIF. – B15467962, en data 28 de outubro de 2024, referida á documentación do contratista recollida na cláusula 19 do PCAP en relación cos Fondos NextGeneration EU.

Considerando que é competencia desta alcaldía a adopción deste acordo, segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda da LCSP en relación coa Resolución da alcaldía 783/2023, do 27 de xuño de 2023, ao abeiro do disposto no artigo 159 da LCSP,

RESOLVO:

Primeiro.- Declarar válida a licitación, admitindo ao licitador presentado.

Segundo.- Adxudicar o CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E SERVIZOS PARA A ADQUISICIÓN DE MEDIOS MATERIAIS PARA A RECOLLIDA SEPARADA DOS BIORESIDUOS E A REALIZACIÓN DAS CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN ASOCIADAS AOS MESMOS, PARA O CONCELLO DE TEO, RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL., SB-3/2024, á empresa COGAMI RECICLADO DE GALICIA S.L., con CIF. – B15467962 e enderezo en República Checa (PE Costa Vella) nº 17, cp 15707, Santiago de Compostela, ao tratarse da empresa licitadora non excluída que obtivo maior puntuación no procedemento e cuxa oferta é a seguinte:

Oferta económica: 56.364,00 €+11.836,44 € IVE=68.200,44 €

Deberá cumprimentar todas as obrigas de publicidade previstas nos pregos.

Terceiro.- Dispoñer o gasto correspondente, con cargo á partida orzamentaria 1621/623.00 do estado de gastos do orzamento municipal vixente.

Cuarto.- O prazo máximo de entrega dos produtos a fornecer é de seis semanas dende a formalización do contrato, e o período de execución do conxunto de medidas de información e sensibilización recollidas no PPT será como máximo ata o 30 de novembro de 2024.

Quinto.- Nomear responsable do contrato ao concelleiro Ángel Barreiro Rodríguez sendo a unidade encargada do seguimento do contrato o Departamento de Medio Ambiente do Concello de Teo.

Sexto.- Notificar o acordo de adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios, sinalándolles os recursos procedentes, dando traslado do mesmo ao servizo de Intervención para o seu coñecemento e efectos oportunos, e publicar anuncio de adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

Sétimo.- Notificar o presente acordo á empresa adxudicataria, citándoa para a formalización do contrato en documento administrativo, que terá lugar dentro do prazo de quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación e publicar anuncio de formalización no perfil do contratante no prazo de 15 días desde a perfección do contrato.

Oitavo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público.

Noveno.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A alcaldesa,

A secretaria xeral, que dou fe

Lucía Calvo de la Uz

Virginia Fraga Díaz